

O menú "Usuarios"

De xeito semellante a Drupal, Coppermine ten unha política de usuarios e roles (aquí denominados grupos), de xeito que os usuarios creados na aplicación necesariamente deben pertencer a un grupo. Ademais, os permisos de cada usuario (o que pode ou non pode facer na aplicación) non se poden definir a nivel individual, senón que veñen determinados polos permisos do grupo ao que pertence.

Cando un centro educativo se incorpora ao proxecto Webs Dinámicas, en Coppermine aparecerán creados por defecto dous usuarios: admin e webmaster.



Usuario	Grupo	Registro	Última Visita	Fotos	Espazo utilizado	Cota de Espazo
admin	Administrators	09 de Feb do 2009	12 de Mar do 2010	0	0 KB	8 KB
webmaster	Administrators	04 de Nov do 2009	08 de Abr do 2011	0	0 KB	8 KB


Co seleccionado:

Procura de usuarios:

Powered by Coppermine Photo Gallery

Editar un usuario xa creado

En calquera momento podemos editar un usuario xa creado (por exemplo, para cambiar o [contrasinal](#)) premendo na icona editar. (Observar que os campos de información son xustamente os que vimos no apartado adicado ao [menú](#) "Configuración"--> "Campos personalizables para o perfil de usuario").



editar usuario

usuario: admin

contrasinal:

o usuario está activo: Si Non

Grupo de usuarios: Administrators
 Anonymous

Permisos de álbum segundo o grupo

correo-e do usuario: websdinamicas@edu.xunta.es

Location:

Interests:

Website:

Occupation:

Biography:

Crear un novo usuario

Para engadir un novo usuario debemos facer [click](#) en "Crear novo usuario". Despregarase unha pantalla similar á vista para a edición de usuarios.

Desde o [menú](#) "Usuarios" tamén é posible realizar outras operacións básicas de xestión como a ordenación dos usuarios (para cada campo do xestor de usuarios existen unhas frechas que permiten a ordenación de xeito ascendente/descendente).